

Un ano máis, e xa van alá vintedous dende que se iniciou esta acertada aventura de «Galicia en Foco», aquí estamos fieis á nosa cita co mundo da fotografía periodística. Un desfile anual dos mellores traballos de destacados fotoxornalistas, que se recollen neste caderno da edición deste ano que hoxe lles ofrecemos, e que, en forma de exposición pública, recorrerá posteriormente as galerías públicas de distintas cidades galegas. É unha maneira diferente de ver e contar a realidade social, cultural e política de Galicia, cunha combinación perfecta de creatividade artística e de realismo fiel, adobado coas doses adecuadas de ironía crítica e de sentido común. Cada ano, as fotografías seleccionadas por «Galicia en foco» son unha inmersión saudable nas augas da vida social galega, máis alá dos condicionamentos ideolóxicos e políticos. As fotografías que se acollen nesta mostra, coma as de anos anteriores, din e suxiren, mostran e insinúan. Ofrécennos, pois, a visión do seu autor sobre un determinado asunto, pero deixan aberta unha interpretación diferente ó espectador que as contempla. Xustamente o que se lle pide a unha obra artística. A exposición 22 Galicia en Foco na Coruña organiza a Asociación de la Prensa de La Coruña.



22 GALICIA EN FOCO

O FOTOKORNALISMO GALEGO

Do 12 de xuño ó 1 de xullo

Horario: de 12 a 14 horas e de 18 a 21 horas

Casa da Cultura Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10 baixo)

Patrocinan:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios
Dirección Xeral de Comunicación



Colaboran:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña





22 GALICIA EN FOCO

O FOTOXORNALISMO GALEGO